



## A vida é unha tómbola

**Xosé Luís Barreiro Rivas**

### **1. O financiamento das autonomías e a débil estratexia galega**

O tema é vello e reincidente, especialmente dende que o *Estatut* de Cataluña, sacado con fórceps nun contexto político adverso e falta de consensos, modificou o comportamento orzamentario do estado en relación coas comunidades autónomas. Porque unha vez que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado non se inicia sobre unha *tabula rasa*, senón que inclúe elementos de dubidosa constitucionalidade e de pésima técnica orzamentaria, que foron pactados bilateralmente, o conxunto das comunidades autónomas vense obrigadas a iniciar unha serie de presións políticas e mediáticas tendentes á procura dunha asignación equivalente, polo que en modo algún se pode esperar que o resultado sexa un instrumento de goberno equilibrado e coherente.

O compromiso adquirido con Cataluña, e plasmado nunha

disposición estatutaria, implica a garantía dun investimento territorializado equivalente polo menos á achega dos cataláns ao PIB, polo que dificilmente poderá garantirse igual nivel de recursos para todos os territorios, nin manter políticas de solidariedade que contribúan a unha maior cohesión política de España. Pero, por si non quedaba claro, o recente pacto sobre a interpretación do concepto de inversión, no que se inclúen non só as consabidas obras públicas e similares, senón tamén os recursos de I+D e os destinados a políticas ambientais e investigación sobre a sustentabilidade, fixo que o alcance dos acordos bilaterais con Cataluña teña unha relevancia extraordinaria, polo que o conxunto das Comunidades Autónomas se viron obrigadas a presionar politicamente para que, por uns ou outros conceptos, se reequilibrase dalgún xeito o modelo de investimentos sobre os que se redactaran os orzamentos xerais do estado para o 2008.

ESTE MODELO ACADOU TAMÉN A GALICIA, QUE SEGUINDO AS PAUTAS DA POLÍTICA DESPREGADA POLO CONSELLEIRO CASTELLS EN CATALUÑA, FIXOU UNHA COTA IDEAL DE INVESTIMENTOS DE ARREDOR DE 2.000 MILLÓNS DE EUROS. O DÍA 24 DE SETEMBRO, VÉSPERA DO CONSELLO DE MINISTROS QUE ÍA DAR LUZ AOS AO PROXECTO DE LEI DOS ORZAMENTOS DO ESTADO PARA 2008, O PRESIDENTE DA XUNTA, PÉREZ TOURIÑO, ANUNCIABA UN ACORDO ORZAMENTARIO CON SOLBES QUE SITUABA A INVERSIÓN PARA GALICIA EN TORNO AOS 1.940 MILLÓNS DE EUROS, CIFRA MOI PRÓXIMA Á CONSIDERADA IDEAL, E MESMO INSISTÍA EN QUE FUTURAS NEGOCIACIÓNS QUE PODERÍAN LEVARSE A CABO DURANTE O TRÁMITE PARLAMENTARIO PODÍAN AGREGAR OS 60.000 EUROS QUE FALTAN NA CONTA IDEAL. PERO A MIÑA IMPRESIÓN É QUE ESTAMOS NUN MAL CAMIÑO EN DIRECCIÓN Á CONSTRUCCIÓN DO QUE DEU EN CHAMARSE UN FEDERALISMO ASIMÉTRICO E SOLIDARIO, E QUE TODO APUNTA A QUE IMOS A ENTRAR NUNHA ETAPA DE FORTES CONTRASTES, NA QUE A PARTE MÁIS DESENVOLVIDA DE ESPAÑA VAI SER TAMÉN A MÁIS BENEFICIADA POLA NOVA PAUTA DE FINANCIAMENTO.

A FORMA ELIXIDA PARA DEFINIR A INVERSIÓN CORRESPONDENTE A GALICIA VEN SENDO, NOS ÚLTIMOS ANOS, A DUN PACTO ORZAMENTARIO ACADADO ENTRE O MINISTRO DE ECONOMÍA E O BNG – PEDRO SOLBES E FRANCISCO RODRÍGUEZ– NA QUE, DESPOIS DUNHA PROPOSTA DE PARTIDA CONSIDERADA INACEPTABLE, OU

MESMO DESPECTIVA “PARA OS GALEGOS”, SE MELLORA ESA CIFRA EN TERMOS SUBSTANTIVOS, DE TAL XEITO QUE O PROBLEMA QUEDA SOLVENTADO ATA O ANO SEGUINTE, CANDO O SAINETE SE VOLVE A REPETIR COS MESMOS ARGUMENTOS E IDÉNTICOS PERSONAXES, NUN MODELO QUE PARECE MOI ACAÍDO A UNHA CULTURA POLÍTICA COMA A DOS GALEGOS, QUE SEMPRE FIOU MÁIS NOS CONSEGUIDORES E CAMPEADORES VARIOS QUE NUNHA XESTIÓN RACIONAL E EFICIENTE. PERO EU TEÑO POR CERTO QUE ESTE MODELO XERA VICIOS ENORMES NO PROCESO, E QUE NOS VAI AFUNDINDO POUCO E POUCO NUN PROCESO QUE NOS É MOI DIFÍCIL DE ADMINISTRAR CON PROVEITO E DUN XEITO SOSTIBLE. E DIGO ISTO POLOS SEGUINTES MOTIVOS:

1. Porque non é razoable que o debate orzamentario se faga só desde a exclusiva perspectiva da cantidade, sen dar lugar a que un debate máis sereno e detido modifique as prioridades de investimento ou advirta necesidades esquecidas.
2. Porque non habendo unha necesaria coincidencia entre as necesidades globais –apreciadas na perspectiva do estado– e as necesidades rexionais, definibles desde a perspectiva autonómica, o debate sobre a contía global do investimento rexionalizado pode quedar falseado polas decisións adoptadas no ámbito estatal, e

darnos unha falsa perspectiva dos equilibrios territoriais que tratamos de acadar.

3. Porque o debate da simple contía, cadrado en función de porcentaxes tomados das achegas ao PIB, é perfectamente compatible cunha desigualdade de oportunidades que soamente aflore á vista do público cando a batalla xa estea perdida.

4. Porque a aceptación dun modelo de presión política como *ultima ratio* do modelo inversor acaba lexitimando unha fórmula de distribución de recursos na que as comunidades máis febles perden sempre, e na que resulta imposible competir cos grandes factores políticos –Madrid, Cataluña e Andalucía– das maiorías gobernantes, sexan elas do PP ou do PSOE.

Como consecuencia do modelo político escollido, Galicia fica presa dun investimento que, dirixido especialmente a proxectos faraónicos –AVE só para pasaxeiros e porto exterior da Coruña– segue enterrando recursos en proxectos apenas discutidos, que manteñen nun punto moi atrasado o conxunto dos servizos da comunidade autónoma e do estado, e mesmo renuncia a outros investimentos

que poderían ser prioritarios, e en todo caso complementarios, dos agora elixidos. E, sobre todo iso, contribuímos tamén a xustificar e lexitimar o modelo de presión e negociación bilateral que está acelerando de maneira inusitada os investimentos e servizos da España occidental e mediterránea delimitada entre Santander, Madrid e Sevilla.

XA TEÑO DITO EN MÁIS DUNHA OCASIÓN QUE NON TEN ARTE NINGUNHA FACER ANDAR O MUÍÑO A BASE DE ABRIRLLE A BUXA, E QUE UNHA MOENDA OBTIDA CO ENGADO DA AUGA ABUNDANTE E INESGOTABLE DO INVERNO PODE ANUNCIAR UN SERIO PROBLEMA PARA O VERÁN. E POR ISO COMPRE LEMBRAR UNHA E OUTRA VEZ QUE O PROGRESO ACTUAL DA NOSA TERRA, OBTIDO A BASE DE ABONDOSOS RECURSOS INVESTIDOS CON ESCASO CALETRE, SUPÓN DE FEITO UNHA OPORTUNIDADE PERDIDA, XA QUE NO MEDIO DUN PROCESO ORIENTADO A ACELERAR O NOSO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL, APENAS ESTAMOS CONSEGUINDO MANTERNOS PEGADOS Á RODA DOS QUE SEMPRE FORON DIANTE E DOS QUE PUNTÚAN EN TODOS OS CONTROIS.

## **2. ¡SAÍDE A VOTAR, VECIÑOS, QUE CHEGOU ANDRADE O BO!**

A IDEA DE FACER UN PAÍS XUSTO E IGUALITARIO A BASE DE OCORRENCIAS

DESCONTEXTUALIZADAS E DÁDIVAS RAÑADAS DOS AFORROS CONXUNTURAIŠ É UNHA PURA QUIMERA. E NON O DIGO EU, QUE GUSTO DE CRITICAR O PODER, SENÓN QUE O DI O MESMO SOLBES, QUE SÓ ACEPTA A CONTRAGUSTO A CHUVIA DE REGALOS QUE, SEN UN ORDE LÓXICA IDENTIFICABLE, E COA SOA INTENCIÓN DE GAÑAR AS ELECCIÓNŠ XERAIS DO VINDEIRO ANO 2008, ESTÁN REPARTINDO A COTÍO RODRÍGUEZ ZAPATERO E ALGÚNS DOS SEUS PEORES MINISTROS.

ASÍ FACÍA, SEGÚN DIN, O CABALEIRO ANDRADE O BO, QUE, CONSCIENTE DA MALA FE QUE LLE TIÑAN OS SEUS SÚBDITOS, E PAGADO DE SER RECIBIDO NAS SÚAS VILAS DE BETANZOS E PONTEDEUME CO ALBOROZO DA XENTE, LEVABA DIANTE DE SI A DOUS ESMOLEIROS QUE ÍAN TIRANDO MOEDAS E PREGOANDO: “SAÍDE Á RÚA VECIÑOS, E HAXA PAN PARA TODOS, QUE CHEGOU ANDRADE O BO”. CERTO É, POLO QUE SE SABE, QUE OS POBRES VASALOS ACOLLIÁN AQUELAS DÁDIVAS CON ENTUSIASMO E AGRADECIMENTO, E QUE A PILLOTA DAS MOEDAS SERVÍA DE VEHÍCULO PARA DISTRIBUIR UNHA RENDA MAL REPARTIDA. PERO TAMÉN É VERDADE QUE POR ESA VÍA NON SE CONSEGUE CREAR UNHA SOCIEDADE XUSTA, NIN UN MODELO SOCIAL PODEROSO, AÍNDA QUE CONXUNTURALMENTE SE CONSIGA A ADHESIÓN AO DONO DA BULSA.

NUNHA FEBRE ELECTORAL SEN PRECEDENTES, E DESPOIS DE COMPROBAR O FALLO ESTREPITOSO DAS SÚAS GRANDES PROMESAS –O PACTO CON ETA E A REINTERPRETACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO– O PRESIDENTE DO GOBERNO ESTÁ EMPENADO EN GAÑAR A VONTADE DOS ESPAÑOIS A BASE DE MEDIDAS QUE, MERECENDO ILLADAMENTE O BENEFICIO DA DÚBIDA E UN PROCESO DE DISCUSIÓN SERENO E BEN INFORMADO, CAUSA ESTUPOR POLA FORMA E OS LUGARES NOS QUE SON ANUNCIADAS, E PALA FALTA DE RIGOR METODOLÓXICO E DE CONGRUENCIA ECONÓMICA COA QUE SON PRESENTADAS.

MENTRES AS LEIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO E DE DEPENDENCIA SEGUEN SEN SER DOTADAS DE FORMA CONVENIENTE, E MENTRES SEGUEN SEN RESOLVER PROBLEMAS TAN GRAVES E ENQUISTADOS COMO SON AS CONTÍAS DAS PENSÍONS MÁIS BAIAS E XENERALIZADAS, O INCREMENTO CONSTANTE DAS LISTAS DE ESPERA, OS PROBLEMAS DE SEGURANZA E AS POLÍTICAS DE INMIGRACIÓN, O GOBERNO IRROMPE DE FORMA INOPINADA CON MEDIDAS TALES COMO A INDEMNIZACIÓN POR FILLO NACIDO (ENTRE 2.500 E 3.000 €) E AS AXUDAS AOS MOZOS PARA O ALUGUER DE CASAS EN QUE PODEREN EMANCIPARSE, QUE COMPROMETEN DE XEITO PERMANENTE IMPORTANTES CONTÍAS DOS ORZAMENTOS DO ESTADO. E NON SE TRATA

DE DICIR QUE AS MEDIDAS EN SI MESMAS CONSIDERADAS, ILLADAMENTE, NON TEÑAN CERTO SENSO, SENÓN DE PREGUNTARNOS POR QUE SE FAI TODO ISTO SEN DEBATER AS PRIORIDADES, SEN CALIBRAR AS FORTES DIFERENZAS INTRÍNSECAS QUE AFECTAN A ESTES COLECTIVOS, SEN MEDIR O IMPACTO NUNHA ESTRUTURA ORZAMENTARIA QUE SE CONSIDERABA EQUILIBRADA, E SEN DECATÁRMONOS DE QUE O GASTO ABONDOSO ASIGNADO EN ÉPOCAS DE VACAS GORDAS PODE SER COMA UNHA LOUSA NAS VACAS FRACAS QUE EMPEZAN A ANUNCIARSE.

PERO O MÁIS GRAVE É, POLO MENOS NA MIÑA CONSIDERACIÓN, O ATAQUE PERMANENTE ÁS FORMAS CORRECTAS DO FACER POLÍTICO E A SUBSTITUCIÓN DA IDEA DE GOBERNAR, QUE IMPLICA ADMINISTRAR RAZOADAMENTE OS RECURSOS COLECTIVOS, COA IDEA DE DAR OU REGALAR, QUE IMPLICA UNHA VISIÓN PATERNALISTA DO PODER QUE É MÁIS REXEITABLE CANTO MÁIS XOGA A FAVOR DA CULTURA POLÍTICA IMPERANTE. CREO, SINCERAMENTE, QUE A BASE DE OCORRENCIAS ILLADAS NON SAE NUNCA UN BO PLAN, NIN UNHA ECONOMÍA SOSTIBLE, NIN UNHA SOCIEDADE IGUALITARIA. É POR ISO TEMO QUE, BAIXO APARENCIA DE ESTARNOS ACARIÑANDO O LOMBO, ESTANSE SEMENTANDO DE XEITO INCONSCIENTE IMPORTANTES TREBOADAS.

## **2. ACUSACIÓNS CRUZADAS E ESTUPOR CRECENTE**

PARA O GOBERNO BIPARTITO É EVIDENTE QUE A CIDADE DA CULTURA REPRESENTA, SOBRE TODO, A MEGALOMANÍA DUN GOBERNANTE DECADENTE QUE, SEN ENCOMENDARSE A DEUS NIN AO DEMO E ACONSELLADO SÓ POR RENARTES IGNORANTES E OUSADOS, PUXO EN MARCHA AO CHOU CHOU O MÁIS CUANTIOSO INVESTIMENTO DA AUTONOMÍA. DE AÍ RESULTA, SEGUNDO DIN, QUE O INVESTIMENTO PREVISTO SE MULTIPLICARA POR CATRO, QUE NINGUÉN SAIBA ONDE VAI REMATAR ESTE MALGASTO, QUE NINGUNHA EMPRESA NIN ADMINISTRACIÓN SE ARRISQUE A FACER UN PROXECTO DE EXPLOTACIÓN QUE NON SEXA UNHA RUÍNA E QUE TODO SIGA ANDANDO SÓ POLA FORZA DA INERCIA, SEN TER PILOTO NIN GARANTE.

Para a Xunta e para a maioría dos observadores tamén resulta evidente que a historia da lamentable Cidade da Cultura está chea de amiguismos e corruptelas, que encheu os petos traeseiros de moita xente, e que non resistiría unha mínima investigación penal que non fose feita por xuíces acostumbrados a confundir os conservadores cos bos e os progresistas cos malos. E por iso somos moitos os que ficamos estupefactos diante dun espectáculo de insinuacións e

comisións de investigación das que se podería derivar un macro-xuízo á galega, con patacas e allada.

Da outra banda, tal vez porque necesitan repartir a atención da prensa e demostrarlle á parroquia que todos os políticos son iguais, os conservadores do PP fixeron presa –polo que se ve bastante segura– na adxudicación recocida da vía do Barbanza, na que se supón, segundo din, que SACYR cobrou por adiantado a redención da peaxe de Rande para os habitantes do Morrazo. A acusación, que leva persoalmente Núñez Feijoo implica unha serie de chafulladas que pon os pelos de punta e que ben podería narrarse como segue: Pérez Touriño fai unha promesa electoral, en forma de arroutada, na que se anuncia a fin da peaxe da ponte de Rande para os do Morrazo. Ante a imposibilidade de proceder a un carísimo rescate, cuxa xestión poñería de manifesto a grande inxustiza que implica o traslado dos custos duna pexa concreta ao conxunto dos cidadáns. E por iso se decide presentar o rescate da peaxe como un milagre do demiúrgo, baratiño ou case gratis, que en realidade se paga coa adxudicación –incrementada en 30.000 euros– das obras da

autovía do Barbanza, que se pagan á súa vez, mediante peaxe encuberta.

Pero a narración disque non remata aí, xa que, para evitar a protesta ou a probable actuación xudicial da empresa prexudicada –*Constructora San José*– na concesión do Barbanza, recibe compensacións –disque envelenadas– na autopista Santiago-Ourense administrada por ACEOUSA. E así se chega, seguindo a narración de Núñez Feijoo, a un estado de denuncias xeneralizadas na que todo fica preso de informes amañados, de empresas amigas, de concesións irregulares e inxustificadas e dunha sucesión de prevaricacións que, nun partido xudicial coa Cidade da Cultura, remataría en empate.

No medio de ambos escándalos, sostidos respectivamente polo PSOE e o PP, e transmitidos á sociedade a través dos máximos responsables, a sociedade galega fica estupefacta, contemplado o que se fai cos seus cartiños, e como acusacións de tan alto fuste se van quedando despois en auga de borralla e “se o dixen non me lembro”. E por iso penso que na resolución destes dous escándalos está en xogo o noso sistema de control administrativo e

xudicial, e a forma en que ambos partidos entenden e aplican o control parlamentario. Porque se por unha parte nos chama a atención a solemne ineficiencia e inutilidade do Consello de Contas e do sistema xudicial, ese que despois inhabilita a un alcalde ou a un político ingrato por calquera trapallada, tamén nos sorprende a parsimonia e aparente dulcificación da investigación parlamentaria e a posibilidade de que todo isto remate nun acordo de mínimos perdido entre a brétema das conveniencias comúns.

Todo o que aquí se recolle, como presuntos feitos, está extraído literalmente dos discursos pronunciados por Pérez Touriño e Núñez Feijoo e do balbordo mediático por eles levantado. E por iso temos que esixir que ambos se esmeren en conseguir un final que non soe a apaño, e que, botando man dos controis institucionais, dea satisfacción a unha cidadanía a que eles mesmos están convencendo de que vive nun mundo de tropelías e corruptelas sen fin.

### **3. VEXO VIGO, VEXO CANGAS, E SE CADRA REDONDELA**

SE MAL NON LEMBRO, HAI XA TRINTA ANOS QUE SE VEN FALANDO DAS METRÓPOLES DE VIGO E A

CORUÑA, APLICÁNDOLLE A TAN SINGULARES FEITOS URBANOS UNHA TERMINOLOXÍA QUE NIN POLO FORRO LLES PARECE PROPIA. PERO NON É A MIÑA INTENCIÓN FACER CRÍTICA FILOLÓXICA, SENÓN POLÍTICA, E POR ISO QUERO LAIARME EN PÚBLICO POLO FEITO DE QUE, DESPOIS DE TRES DÉCADAS DÁNDOLLE AO PALIQUE POLÍTICO, E DESPOIS DE CENTOS DE ESTUDOS DE MOI REGULAR CALIDADE XENEROSAMENTE PAGADOS POLAS INSTITUCIÓNS LOCAIS, A PROPOSTA DUNHA ÁREA METROPOLITANA PARA VIGO, A MÁIS NECESITADA DE BOA ADMINISTRACIÓN E GOBERNO, TEÑA ENCALLADO NOS PRIMEIROS ACANTILADOS.

Non é fácil de entender que se anuncie a creación dunha área metropolitana antes de aprobar a lei que debe regulala, e antes de establecer os criterios xerais polos que ha de rexerse a delimitación territorial e a distribución de recursos, competencias e facultades executivas da nova área. E así chegamos a unha situación na que a Xunta parece estar empeñada en dar un paso aparente que non pague os custos da reordenación das áreas e políticas locais. O concello vigués quere aproveitar a metrópole para crear unha quinta provincia con capital en Vigo, para manter despois, según

intúo, outra deputación e outros moitos *alcaldíños* que lle veñan comer na man. Pontevedra quere medrar e modernizarse á costa de Vigo e sen poñer un euro. E os alcaldes dos arredores queren ver a maneira de controlar, mediante un proceso orgánico, o poder vigués, de costas aos centos de miles de votantes que se acollen á urbe olívica. E así nos sae un calendario atrabiliario e imposible no que ninguén sabe o que queremos facer, a cantos

concellos imos implicar, que poder imos xerar, que competencias se van administrar e con que cartos se vai pagar a festa. E por iso teño claras dúas cousas. A primeira, que se non se fai unha verdadeira reordenación territorial, que inclúa a revisión do mapa municipal, vale máis quedar como estamos. E a segunda, que Vigo, a mellor proposta que ten Galicia cara o futuro, non ten sorte cos seus políticos. Unha mágoa.

**Xosé Luís Barreiro Rivas**